




# A PARADANTA 1 (NORTE)

Adela Leiro, Mon Daporta  
abril 2022



**Distancia:** 9 km (ida e volta)

**Dificultade:** media



Carballeira na aba do Coto da Cruz



## Da Franqueira ao Coto da Vella

Os montes da Paradanta son o remate da Dorsal Galega no sur, cunha orientación N-S que vai perdendo altura cara ao val do río Miño.

O cume máis alto é Chan do Rei con 954 m.

Na Paradanta nacen varios afluentes do Miño.

Ten unhas espléndidas vistas sobre o val do Miño, as comarcas do Condado e A Paradanta e as serras da contorna.

É Primavera, medran os días, suavízase a temperatura, esperta a natureza e o ambiente chama a ir cara aos montes onde os verdes novos e as flores das herbas e o mato -toxos, breixos, xestas e uces- transforman a paisaxe enchendo de cor o gris do inverno. A Paradanta véstese de amarelo nos cumes e de verdes de follas novas nas árbores dos vales baixos.



Alto da Paradanta e Coto Redondo

## PERCORRIDO

Comezamos a camiñada na **Franqueira**, onde, pasado o lugar e xusto antes da rotonda, hai un carreiro á dereita da estrada e por el seguindo, en sentido contrario, os indicadores da “Vía Mariana Luso-Galaica” -un itinerario de case 400 km que, en 17 etapas, une os santuarios marianos que hai entre Braga (Portugal) e Muxía-, logo nos metemos nunha arboreda para saírmos a unha pista na que, indo á dereita, ao pouco atopamos, á esquerda, o comezo do viacrucis polo que, en 1,5 km, subimos dos 750 m a máis de 900 m de altitude para saír a un camiño no que temos, á esquerda, o **Coto da Cruz** e, á dereita, o cume do **Coto Redondo**, ámbolos dous con fermosas panorámicas da contorna. Ao chegarmos ao coto Redondo temos de fronte, coroado por antenas, o **Alto da Paradanta** cara ao que baixamos seguindo un camiño cortalumes. Desde el temos novas panorámicas do relevo e dos arredores, sobre todo do **Coto do Rei**, o cume máis sobresáinte da serra, do que nos separa unha valgada de case 100 m de desnivel, na que se atopa o curro, que divide a serra separando os dous puntos de máis elevación da mesma: o Alto da Paradanta (935 m de altura) e o coto do Rei (941 m). Coa visita á **cova da Virxe**, un pequeno agocho no que hai unha imaxe, réplica da Virxe da Franqueira, que se atopa na cara leste do cume, rematamos esta primeira tirada e comezamos a volta ao punto de partida, mais agora imos pola estrada onde, no remate da baixada, temos por debaixo unhas nacentes e un pasteiro; a dereita do pasteiro atópase o **neveiro dos Frades**, os restos dunha construción do século XVII na que se almacenaba a neve do inverno, convertida en xeo, para usala para o que fora preciso no verán. Volvendo á estrada, ou subindo pola pista que hai por debaixo do neveiro ata ela, chegamos a unha zona ampla na que temos, á dereita, unha pista de servizo dos aeroxeradores, que nos leva ao cume e ao **miradoiro do Coto da Vella**.

De volta na estrada podemos coller o camiño de fronte, para ir ao coto da Cruz e baixar polo viacrucis, ou continuar pola beira da estrada que é un algo máis longa, pero con menos pendente e moitos tramos á sombra, que nos leva ata a área de lecer do Chan dos Bidueiros e á estrada pola que, indo á esquerda, en menos de

Unha visita obrigada é a **igreja-santuario de Santa María da Franqueira**. De orixe moi antiga, a actual construída no século XIII é de estilo románico tardío.

Conta a lenda que a imaxe da virxe da Franqueira apareceu debaixo dunhas rochas no alto do monte, que unha veciña atopou atraída por un resplandor. A imaxe fíxose moi popular con fama de miragreira.

Contan que había disputa entre a veciñanza de Luneda e A Franqueira sobre o lugar onde construír o santuario. Para facelo cargaron a imaxe da Virxe nun carro de bois cos ollos vendados. No primeiro lugar onde se detiveron a beber (nun manancial da Franqueira) construíuse a igrexa.

Todos os anos celébranse dúas romerías de fonda tradición, as Pascuíñas, na primavera, e a Natividade da Virxe, en setembro. Nas Pascuíñas reúnense a imaxes da Virxe de numerosas parroquias veciñas.



O lugar e o santuario da Franqueira desde o coto da Cruz






Imaxe da Virxe da Franqueira, en pedra policromada (século XIII).



Coto Redondo



Alto da Paradanta ou Coto da Vella



Cova da Virxe no Coto da Vella. En 1968 colocouse unha imaxe de pedra en recordo do lugar onde foi atopada a Virxe por primeira vez.



Pía no Alto da Paradanta



Neveiro dos Frades.  
Os neveiros ou casas da neve eran construcións nas que se gardaba a neve do inverno para aproveitala, convertida en xeo no verán.





O Chan do Rei e o Chan do Marco desde o Coto da Vella

